

**DECRETO 87/1992, DO 26 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA.**

(DOG do 7 de abril de 1992)

Por Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, regulase o Consello Escolar de Galicia e os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.

O artigo 12.2 do citado decreto prevé que o Consello Escolar de Galicia elaborará o seu propio regulamento de réxime interno, que será aprobado polo pleno e se someterá ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

Cumpridas as referidas previsións, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de marzo de mil novecentos noventa e dous.

**DISPOÑO:**

**Artigo único.-**

Apróbase o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia que figura como anexo a este decreto.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinteseis de marzo de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO

### REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

#### TÍTULO PRELIMINAR

**Artigo 1º.-** 1.- O Consello Escolar de Galicia réxese polo disposto no artigo 34 do título II da Lei orgánica 8/1.985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación; a Lei 3/1.986 do 18 de decembro, de consellos escolares; o Decreto 44/1.988, do 11 de febreiro; o presente regulamento e supletoriamente pola Lei de procedemento administrativo.

2.- Para calquera outro asunto referente ó funcionamento do consello, dentro do seu marco competencial, que non estea previsto nestas normas, haberá que aterse, sen contradecilas, ó que acorde o pleno ou a comisión permanente, segundo sexa a natureza do asunto.

#### TÍTULO I DOS ÓRGANOS DO CONSELLO

##### Capítulo I Da presidencia

**Artigo 2º.-** O Consello Escolar de Galicia está presidido polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 3º.-** Corresponden á presidencia do Consello escolar de Galicia as seguintes funcións:

- a) Representar ó consello e dirixi-la súa actividade.
- b) Convoca-las sesións e fixa-la orde do día.
- c) Presidi-las sesións, dirixi-las deliberacións e dirimi-las votacións en caso de empate.
- d) Executa-los acordos do consello.
- e) Dar posesión dos seus cargos ó vicepresidente, ós conselleiros e ó secretario xeral.
- f) Resolver, oída a comisión permanente, calquera cuestión que se plantexe por razóns de representatividade dos conselleiros ou en relación cos procesos electorais para a inclusión daqueles

nas distintas comisións.

g) Resolver, oída a comisión permanente, as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do presente regulamento.

h) Executa-lo presuposto do consello, conforme ós criterios que nel se establezan informando ó pleno e á comisión permanente.

i) Calquera outra competencia ou función que legalmente lle corresponda ou non estea atribuída expresamente a outro órgano do consello.

**Artigo 4º.-** O nomeamento do vicepresidente do Consello Escolar de Galicia, efectuado de acordo co procedemento establecido no artigo 3º do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, publicarase no Diario Oficial de Galicia.

**Artigo 5º.-** Tamén se publicará no Diario Oficial de Galicia o cesamento do vicepresidente, que poderá producirse por petición propia, pola perda da súa condición de conselleiro ou por vontade do presidente, oído, neste caso, o pleno do consello escolar.

**Artigo 6º.-** O vicepresidente exercerá a presidencia ou , segundo o caso, algunha das súas funcións ou competencias, de darse a ausencia, enfermidade ou delegación expresa do presidente. Desta delegación o presidente informará ó pleno do consello.

## **CAPÍTULO II**

### **Da secretaría do consello**

**Artigo 7º.-** A secretaría é o órgano administrativo ó que compete a xestión dos asuntos do consello e a asistencia a este.

**Artigo 8º.-** 1.- O secretario será nomeado polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria entre funcionarios da Consellería.

2.- O secretario tomará posesión ante a presidencia do consello.

**Artigo 9º.-** Son funcións do secretario:

- a) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do pleno e das comisións.
- b) Levantar acta das sesións.
- c) Autorizar coa súa firma os acordos do consello.

d) Expedir, co visto e praxe do presidente, certificacións de actas, acordos, dictames e asistencias.

e) Custodia-las actas e as resolucións do consello.

f) Recabar e presta-la asistencia técnica que o funcionamento do consello requira.

g) Coidar do rexistro de entrada e saída de documentos e o servizo de arquivo.

h) Exerce-la xefatura inmediata do persoal e dos servizos internos do consello.

i) Proporcionar, previa petición por escrito, a documentación, asistencia técnica, e se é o caso, os medios materiais que os conselleiros requiran no exercicio das súas funcións.

l) Calquera outra función que legalmente lle corresponda.

**Artigo 10º.-** En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo funcionario do consello que a presidencia designe.

### **CAPÍTULO III**

#### **Do pleno**

**Artigo 11º.-** O pleno é a quen primordialmente compete o desenvolvemento dos obxectivos do consello; ó seu correcto funcionamento estará, pois, dirixido o labor dos demais órganos, tanto unipersoais como colexiados.

**Artigo 12º.-** O pleno do consello estará integrado por:

1.- Oito profesores, nomeados a proposta das súas centrais e asociacións sindicais en proporción a súa representatividade na Comunidade Autónoma de Galicia, distribuídos do seguinte xeito:

a) Ensino Público: cinco profesores.

b) Ensino Privado: tres profesores.

2.- Cinco pais de alumnos propostos polas confederacións ou federacións de asociacións de pais de alumnos, en proporción a súa representatividade.

3.- Tres alumnos propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción a súa representatividade.

4.- Dous representantes do persoal de administración e servicios dos centros docentes de ámbito non universitario nomeados por proposta das súas centrais e organizacións sindicais en proporción a súa representatividade en Galicia.

5.- Dous titulares de centros privados designados polas organizacións empresariais correspondentes en proporción a súa representatividade.

6.- Tres representantes propostos polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas.

7.- Dous representantes propostos polas organizacións empresariais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas.

8.- Tres profesores propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia legalmente recoñecidos e en atención a súa representatividade.

9.- Seis representantes da Administración educativa designados polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

10.- Cinco vocais en representación dos consellos escolares territoriais.

11.- Oito representantes da Administración local, propostos polas federacións ou asociacións galegas de concellos.

12.- Dous representantes da universidade propostos polo seu máximo órgano de goberno.

13.- Dúas personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostos polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

14.- Un representante do Seminario de Estudos Galegos, proposto polo seu órgano de representación.

15.- Un representante do Consello da Xuventude de Galicia.

**Artigo 13º.-** 1. Os membros do Consello Escolar de Galicia serán nomeados polo Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Os decretos de nomeamento e de cese dos conselleiros publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

3.- A condición de conselleiro acreditarase mediante credencial emitida pola presidencia do Consello Escolar de Galicia.

4. Os conselleiros terán dereito a percibir as indemnizacións regulamentariamente establecidas.

**Artigo 14º.-** 1.- O mandato dos conselleiros será de catro anos, sen prexuízo dos cambios que procedan por motivos de representatividade, podendo ser reelixidos.

2.- O nomeamento dos conselleiros de cada un dos grupos a que fai referencia o artigo 12º renovarase, por metades, e logo de designación corporativa, cada dous anos, a excepción dos correspondentes ó grupo de alumnos que se renovará cada dous anos na súa totalidade.

3.- Na renovación de conselleiros que teñan que realizarse ós dous anos, excepto a do grupo de alumnos, de ser impar o número de representantes dun sector, renovarase na primeira ocasión na metade máis un, segundo sorteo celebrado ó efecto, e na seguinte o resto.

**Artigo 15º.-** As organizacións, asociacións, confederacións ou institucións correspondentes a cada grupo de conselleiros proporán os seus representantes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, remitindo a proposta con un mes de antelación á data en que o consello deba renovarse.

**Artigo 16º.-** 1.- Os conselleiros perderán a súa condición de tales por algunha das seguintes causas:

- a) Terminación do seu mandato.
- b) Cando deixen de concorre-los requisitos que determinaron a súa designación.
- c) Revogación do mandato conferido polas organizacións respectivas que os designaron, ou polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no caso de representantes da Administración educativa designados en virtude do artigo 12.9 do presente regulamento.
- d) Renuncia.
- e) Inhabilitación para o exercicio de cargos públicos.
- f) Incapacidade permanente .

g) As demais previstas na lexislación vixente que impidan o exercicio dun cargo público.

2.- Nestes supostos, salvo o de terminación do seu mandato, nomearanse novos conselleiros de acordo co previsto nos artigos 12 e 13 deste regulamento. Os novos membros serano polo tempo que resta para completa-lo mandato.

**Artigo 17º.- 1.-** Cando nalgún conselleiro concorra algunha das causas establecidas no artigo anterior, as organizacións ou grupos representados porán este feito en coñecemento da presidencia do consello para os efectos que procedan.

2.- A presidencia do consello escolar, por iniciativa da comisión permanente, poñerá no coñecemento das organizacións propoñentes ou, se é o caso, do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria os nomes dos membros que incumpran reiterada e inxustificadamente o deber de asistencia ás sesións.

**Artigo 18º.-** A renuncia dos conselleiros deberá formularse por escrito dirixido á presidencia do consello, a cal porá en coñecemento, se é o caso, da organización propoñente, para os efectos de proposta de nomeamento de sucesor.

**Artigo 19º.-** Nos supostos previstos nos artigos 17º e 18º, excepto no da revogación do mandato conferido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, a presidencia do consello, oída a comisión correspondente, propondrá o que proceda ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 20º.- 1.-** Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais, deberán ser ratificados ou substituídos polas organizacións que os propuxeron, no caso de celebración de novas eleccións.

2.- O prazo para substituílos será de dous meses que se contarán desde o día seguinte ó anuncio dos resultados das eleccións ou da renovación dos órganos rectores aludidos.

**Artigo 21º.1.-** Corresponden ó pleno do Consello Escolar de Galicia as seguintes funcións:

a) Aproba-lo informe anual sobre a situación e estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a memoria das súas actividades.

b) Emitir dictames ou informes sobre os asuntos relacionados no artigo 15 do Decreto 44/1988.

c) Aprobar e elevar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as propostas

presentadas pola comisión permanente sobre os asuntos mencionados no apartado anterior, cando estes non entren dentro das competencias delegadas na propia comisión.

d) Formular propostas e suxerencias á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre asuntos relativos ó ensino no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Aproba-lo regulamento de funcionamento interno do consello.

f) Reforma-lo regulamento de funcionamento interno do consello, logo de acordo do pleno adoptado por maioría absoluta.

2.- O pleno do consello escolar poderá solicitar razoadamente do presidente do consello escolar o cesamento do vicepresidente.

## **CAPÍTULO IV**

### **Da comisión permanente**

**Artigo 22º.-** A comisión permanente é a unidade básica de xestión dos asuntos do consello. Neste sentido correspóndelle a recepción e tramitación dos asuntos, preparando así, e facilitando as sesións do pleno, exercendo de instancia intermedia entre este e as outras comisións.

**Artigo 23º.1.-** Compoñen a comisión permanente os seguintes membros:

a) O presidente e mailo vicepresidente do Consello Escolar de Galicia.

b) Os presidentes das comisións ás que se refire o artigo 30 do presente regulamento que serán designados pola presidencia do consello.

c) Un representante dos profesores.

d) Un representante dos pais.

e) Un representante dos Consellos escolares territoriais.

f) Un representante da Administración local.

g) O secretario do consello.

2.- O pleno do Consello Escolar de Galicia poderá acorda-la incorporación á comisión permanente, e mesmo con carácter estable doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

**Artigo 24º.-** Correspóndenlle á comisión as seguintes funcións:

a) Elabora-lo proxecto de informe sobre a situación e estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Elabora-la memoria anual da actividade do consello, a partir das actas do pleno e da



comisión permanente e tomando en consideración os informes previos das restantes comisións.

c) Preparar, en xeral, tódolos asuntos que sexan competencia do Pleno do Consello Escolar de Galicia.

d) Poderá constituír subcomisións para a redacción de informes ou traballos que serán sometidos á súa aprobación posterior e acorda-lo seu procedemento de actuación en cada caso concreto.

e) Distribuír entre as restantes comisións do consello o encargo de elaboración das propostas iniciais de informes ou dictames sobre os que haberá de entende-lo pleno.

f) Estudiar e tramita-las propostas de informes e dictames elaborados polas comisións e decidir sobre:

- A súa devolución á comisión para ampliar ou modifica-lo traballo realizado.
- O seu paso a outra comisión
- O seu paso ó pleno

g) Dar conta ó pleno da súa actividade.

h) Elaborar e formular propostas ó pleno.

i) Elaborar informes e propostas á Administración educativa sobre os asuntos relacionados no artigo 15º do Decreto 44/1988.

l) Coordina-lo labor das restantes comisións.

ll) Velar pola difusión dos acordos adoptados polo consello que considere de especial importancia para a comunidade educativa.

m) As que o pleno ou a presidencia lle deleguen.

**Artigo 25º.-** A comisión permanente, para o cumprimento dos seus obxectivos, poderá propoñer que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, mocións ou propostas que a comisión deba elaborar.

**Artigo 26º.-** 1.- Con vistas á designación dos membros da comisión permanente, cando exista acordo entre os compoñentes de cada un dos colectivos respecto da designación do seu representante, formularán este acordo en escrito dirixido á presidencia do consello, acompañando acta asinada por tódolos conselleiros do grupo respectivo.

2.- De non se dar este acordo constituirase, por cada un dos grupos de conselleiros relacionados no artigo 23 deste regulamento, unha mesa electoral.

3.- A mesa electoral de cada grupo estará formada polo membro de maior idade, que actuará

de presidente e portavoz do grupo, e polo de menor idade, que actuará de secretario.

**Artigo 27º.-** Constituída a mesa, a elección do conselleiro ou conselleiros membros da comisión permanente realizarase mediante votación por papeleta.

**Artigo 28º.-** 1.- Cada conselleiro votará a un só membro do grupo, ou se é o caso do subgrupo, recaendo a elección, por orde sucesiva, naqueles conselleiros que obtivesen maior número de votos, ata cubri-lo número de membros do grupo na comisión.

2.- Se se producira empate procederase a celebrar unha segunda votación entre tódolos aspirantes. Se trala segunda votación persistira o empate, resolverase por sorteo.

**Artigo 29º.-** 1.- Pérdese a condición de membro da comisión permanente polas causas reguladas no artigo 16 deste regulamento; tamén pola revogación do mandato por parte do grupo que o elixiu. En tódolos casos o membro cesado será reemprazado pola persoa que para o efecto elixa o seu grupo de conformidade co proceso dos artigos anteriores.

2.- Cando o pleno do consello se modifique como consecuencia de eleccións, procederase no prazo dun mes a adecua-la representación dos grupos afectados, na comisión permanente.

## **CAPÍTULO V**

### **Das comisións específicas**

**Artigo 30º-** 1. As comisións de programación, construción e equipamento, a de financiamento do ensino e a de ordenación do sistema educativo, son órganos especializados para o estudo e análise dos asuntos específicos que, por razón da materia, lles correspondan de entre as tarefas xerais que o Consello Escolar de Galicia ten asignadas.

2. Corresponde así mesmo ás comisións prepara-lo despacho dos asuntos que requiran o informe da comisión permanente, actuando como ponentes na elaboración de dictames iniciais, que por razón da materia, en opinión da comisión permanente, resulten da súa competencia.

**Artigo 31º.1.-** Serán membros destas comisións:

- a) O presidente, que será designado pola presidencia do consello.
- b) Un representante dos profesores.
- c) Un representante dos pais.

- d) Un representante dos alumnos.
- e) Un representante dos consellos escolares territoriais.
- f) Un representante da Administración local.

Actuará como secretario o secretario do Consello Escolar de Galicia.

**2.-** O pleno do consello poderá acorda-la incorporación mesmo con carácter permanente doutros representantes, que actuarán con voz pero sen voto.

**Artigo 32º.-** As citadas comisións elaborarán os informes que lles sexan solicitados pola comisión permanente, que os someterá a posterior deliberación.

**Artigo 33º.-** Corresponden ós presidentes das comisións:

- a) Convocar, a través do secretario e de acordo co artigo 9º, as reunións das comisións.
- b) Presidi-las reunións e modera-los debates.
- c) Propoñer ante a comisión permanente, a través do secretario, os informes, dictames ou propostas solicitadas á respectiva comisión.
- d) Requerir á presidencia do consello que demande da Administración educativa a información necesaria para realiza-lo traballo que ten encomendado.
- e) Actuar de portavoz da propia comisión tanto ante o pleno como ante a comisión permanente, podendo delegar esta función noutros membros da comisión.
- f) Notificar á comisión permanente a ausencia inxustificada e reiterada dos membros da súa comisión ás sesións de traballo dela.
- g) Informar ás comisións dos asuntos tratados na comisión permanente.

Os presidentes, por proposta da comisión ou por iniciativa propia, poderán solicitar da presidencia do Consello Escolar de Galicia, a convocatoria de persoa ou persoas competentes para asesorar á comisión nas súas deliberacións.

**Artigo 34º.1.-** O pleno do consello poderá acorda-la constitución doutras comisións específicas que funcionarán con carácter permanente ou con carácter temporal , segundo a índole dos cometidos que se lles encomenden. A súa composición e obxectivos deberán quedar formulados con toda precisión.

**2.-** Cada membro do Consello Escolar de Galicia deberá te-la posibilidade de formar parte dalgunha comisión.

**Artigo 35º.-** Para a constitución das comisións específicas seguirase o mesmo procedemento

que se seguiu para a comisión permanente.

## **TÍTULO II**

### **DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

#### **CAPÍTULO I**

##### **Réxime das sesións**

##### **Sección 1ª**

##### **Convocatoria e orde do día**

**Artigo 36º.-** 1.- O Consello Escolar de Galicia reunirse como mínimo tres veces ó ano, e con carácter extraordinario cando así o considere oportuno a presidencia.

2.- Tamén será convocado cando o solicite polo menos un tercio dos seus compoñentes, celebrándose a correspondente sesión, dentro do prazo dun mes contado desde a recepción da solicitude.

3.- A solicitude da convocatoria prevista no apartado anterior, e subscrita polos asinantes debidamente identificados, deberá ser cursada á presidencia por escrito no que se delimite o obxecto a tratar na correspondente sesión.

4.- As sesións do pleno e das comisións serán convocadas pola súa presidencia e farase cunha antelación de polo menos quince días, no caso do pleno, e dez no das comisións. En casos de urxencia, apreciada pola presidencia estes prazos serán de tres días e 48 horas respectivamente.

5.- A convocatoria deberá conter a orde do día, a data, hora e lugar da súa celebración, e ir acompañada da copia da acta da sesión anterior e a documentación suficiente para o coñecemento dos asuntos que se van tratar.

6.- A orde do día, que será fixada polo presidente tendo en conta, se é o caso, o contido das peticións dos conselleiros, formuladas formalmente e coa suficiente antelación, non poderá modificarse, salvo que, estean presentes tódolos membros do correspondente órgano e se adopte a decisión ó respecto por maioría absoluta.

7.- A comisión permanente reunirse en sesión ordinaria unha vez ó mes, durante o período lectivo. Tamén se reunirá cando o coide necesario a presidencia ou así o solicite un tercio dos seus membros.

## SECCIÓN 2ª

### Constitucións e deliberacións

**Artigo 37º.-** Para a válida constitución do pleno e das comisións do consello será necesaria, en 1ª convocatoria, os dous tercios e a maioría absoluta dos seus membros, respectivamente. De non se dar este quórum, os citados órganos quedarán validamente constituídos na 2ª convocatoria media hora mais tarde, sendo xa suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, sempre que, en todo caso non sexan menos de tres.

**Artigo 38º.-** 1.- A presidencia dirixirá os debates, concedendo ou retirando a palabra en función das quendas acordadas e anunciadas previamente ós asistentes, manterá a orde das deliberacións e en xeral a regularidade e o bo funcionamento do órgano colexiado.

2.- A presidencia prolongará o tempo de debate no caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema no queda suficientemente debatido.

3.- A ordenación das intervencións poderá incluí-la posibilidade de acumulación de tempos entre os membros dunha mesma organización ou grupo.

4.- Con independencia do anterior a presidencia informará na sesión da comisión permanente preparatoria, do xeito de ordear as intervencións dos conselleiros na correspondente sesión do pleno.

5.- As alusións só autorizarán para que o membro do consello a quen se refiren, segundo o xuízo da presidencia, poida contestar ás manifestacións sobre a súa persoa ou feitos pronunciadas durante o debate, pero no prazo de tempo concedido e sen entrar nunca no fondo da cuestión debatida.

## SECCIÓN 3ª

### Acordos

**Artigo 39º.-** 1.- Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos dos asistentes, agás nos casos que esixan maioría cualificada.

2.- O voto é persoal e indelegable. Non se admitirá o voto por correo.

**Artigo 40º.-** 1.- Os acordos adoptaranse:

- a) Por asentimento á proposta da presidencia.
- b) Por votación ordinaria, levantándose primeiro os que aproban, despois os que desaproban

e, finalmente, os que se absteñan.

c) Mediante votación secreta por papeletas, se así o solicitase un quinto dos membros asistentes ou o asunto se refira a situacións persoais concretas.

2.- A válida adopción de acordos requirirá a presenza de polo menos un tercio de membros do órgano colexiado.

**Artigo 41º.-** 1.- Calquera conselleiro poderá requirir que conste expresamente en acta o seu parecer contrario a calquera acordo.

2.- Así mesmo, poderá presentar voto particular contra o acordo da maioría, sempre que se anuncie antes de levantarse a sesión e se entregue por escrito ó secretario, para a súa incorporación á acta na mesma sesión ou nas 24 horas seguintes ó remate desta.

3.- Os conselleiros que votasen en contra poderán adherirse ó voto particular presentado ou redacta-lo seu propio voto.

**Artigo 42º.-** A presidencia do consello, por proposta do pleno ou das comisións, poderá requirir do órgano que teña solicitado o correspondente dictame ou informe que complete o expediente obxecto de consulta.

## SECCIÓN 4ª

### Actas e notas informativas

**Artigo 43º.-** 1.-O secretario levantará acta de tódalas sesións.

2.- En cada acta figurarán inexcusablemente as seguintes mencións:

a) Membros asistentes á sesión. Sinalaranse as ausencias xustificadas.

b) Orde do día

c) Acordos, especificando en que forma foron adoptados e facendo consta-lo número exacto dos votos emitidos, o sentido dos mesmos e as abstencións.

3.- Na acta incluíranse os textos literais dos acordos e unha breve síntese dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde do día que os asistentes, individual ou colectivamente soliciten que figure expresamente.

4.- Cada acta será asinada polo secretario co visto e prace da presidencia da sesión.

5.- As actas someteranse a aprobación na seguinte sesión ordinaria coas obxeccións que

propoñan os seus membros para precisar mellor o desenvolvemento da sesión.

**Artigo 44º.-** 1. As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no libro de actas, que quedará baixo a custodia do secretario, quen permitirá a súa consulta a calquera membro do consello.

2.- Só darán fe dos acordos do consello as certificacións expedidas polo secretario por orde da presidencia.

As certificacións poderán expedirse:

a) De oficio, por requerimento dos órganos das administracións públicas ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia dos membros do consello

c) A instancia de calquera interesado.

Nos dous últimos casos o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos.

**Artigo 45º.-** A presidencia disporá que de cada sesión do pleno do consello se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente ós acordos tomados, con obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social, as actividades e posicións do Consello Escolar de Galicia.

## CAPÍTULO II

### Da emisión de dictames e informes así como da formulación de propostas á Administración

**Artigo 46º.-** O consello escolar poderá , por iniciativa propia, emitir dictames ou informes, así como formular propostas á Administración educativa sobre os asuntos a que se refire o artigo 15 do Decreto 44/88 do 15 de febreiro.

**Artigo 47º.-** Sen prexuízo do disposto no capítulo III, a iniciativa a que se refire o artigo anterior poderá ser tomada por calquera dos órganos do consello. Tanto neste caso, como cando se proceda a instancia de parte, o asunto verao en primeiro lugar a comisión permanente que disporá a tramitación que conveña, segundo que pola súa natureza entre dentro das competencias do pleno ou das propias da permanente.

**Artigo 48º.-** No caso de que o informe sexa da competencia do pleno, a presidencia do consello escolar convocará á comisión permanente; esta, por decisión maioritaria dos seus membros,

poderá remitila á comisión específica que corresponda en atención a natureza do asunto; poderá tamén designar a un ou varios conselleiros para a elaboración dun informe preliminar ou encargar este ó secretario do consello.

En todo caso calquera dos conselleiros designados poderá recaba-la asistencia técnica do secretario na fase da redacción do dictame preliminar.

Con independencia das tarefas anteriores, o secretario deberá informar no prazo máximo dunha semana de cantos aspectos de carácter legal suscite a cuestión presentada, así como daqueloutros que lle sexan expresamente demandados.

A ampliación do prazo sinalado procederá só no caso de que a cuestión ou cuestións que se someten a informe susciten aspectos técnicos de notable complexidade ou extensión e requirirase en todo caso, unha solicitude expresa de prórroga por parte do secretario dirixida á presidencia do consello escolar.

**Artigo 49º.-** Unha vez redactado o dictame preliminar, ou presentado este pola correspondente comisión específica, entregárase a tódolos conselleiros membros da comisión permanente con dez días de antelación á data prevista para que se reúna esta. Neste prazo, os conselleiros poderán elaborar se o desexan emendas ós diversos puntos de que conste o dictame, presentándoas por escrito diante do secretario con catro días de antelación con respecto á sesión correspondente.

A secretaría entregará as devanditas emendas ós conselleiros en todo caso ó comezo da correspondente sesión do pleno.

**Artigo 50º.-** Unha vez reunida a comisión permanente someterase a votación o texto do dictame, no sentido do previsto no apartado f), do artigo 24, decidíndose en primeiro lugar se procede ou non a devolución íntegra.

O presentarse un texto alternativo, como consecuencia do anteriormente disposto e unha vez aceptado este como texto base, reanudarase o procedemento sinalado no artigo anterior.

**Artigo 51º.-** Seguidamente, se procede, pasarase, á discusión e deliberación sobre os diversos apartados do informe ou dictames que suscitaran observacións ou emendas. De existiren sobre un mesmo punto máis dunha emenda, o sistema de votación será o de eliminación sucesiva, respectando a orde de presentación perante do secretario.

No suposto de que unha emenda proposta fora rexeitada, o conselleiro ou conselleiros proponentes teñen dereito a solicita-la súa inclusión como voto particular.

**Artigo 52º.-** O texto resultante, con inclusión, se é o caso, dos diferentes votos particulares, será remitido pola presidencia do consello a tódolos conselleiros cunha antelación mínima de quince



días con respecto á data prevista para a reunión do pleno.

**Artigo 53º.-** 1. As actuacións preliminares e o desenvolvemento da correspondente sesión do pleno someteranse, en canto á aprobación final do informe, ó disposto nos artigos 49º a 52º do presente regulamento, salvo ó establecido no artigo 49º respecto a prazos, que serán de quince e oito días, respectivamente.

2. Unha vez votadas as emendas parciais someterase a votación o texto completo.

**Artigo 54º.-** No caso de que o informe requirido sexa da competencia exclusiva da comisión permanente, a elaboración do dictame inicial realizarase tamén segundo o disposto no artigo 48º.

**Artigo 55º.-** 1. O procedemento para a elaboración do dictame inicial por parte das comisións específicas será o previsto nos artigos 47º a 52º do presente regulamento, correspondendo a designación do conselleiro ou conselleiros encargados da súa redacción á propia comisión .

2. Tanto ás actuacións preliminares como ó desenvolvemento da correspondente sesión da comisión permanente seralle de aplicación en canto á aprobación final do informe, o disposto nos artigos 49º a 52º.

3. Os dictames, informes e propostas serán remitidos á autoridade correspondente, asinados polo presidente e o secretario, indicando á marxe os nomes dos asistentes á correspondente sesión e con expresión de se foron aprobados por unanimidade, maioría ou empate decidido polo voto do presidente e acompañados dos votos particulares, se é o caso.

### **CAPÍTULO III**

#### **Da formulación de propostas por parte dos propios conselleiros**

**Artigo 56º.-** Os conselleiros poderán formular propostas á comisión permanente sobre as cuestións a que se refire o artigo 15 Decreto 44/1.988, do 11 de febreiro.

**Artigo 57º.-** 1.- As propostas haberán de ser motivadas e precisas, diferenciando nelas as razóns que as xustifiquen e a proposta propiamente dita.

2.- As propostas remitiranse por escrito á secretaría xeral do consello que as elevará á presidencia para efecto de que, logo do exame do seu contido, acorde se versan ou non sobre as cuestións a que se refire o artigo anterior.

**Artigo 58º.-** 1.- Se a presidencia estimara que as propostas non son da competencia do consello ou non expresan claramente o seu contido, devolveraaas ó conselleiro subscribente expresando as razóns que xustificasen a súa devolución. Se a proposta estivese subscrita por varios conselleiros, a devolución efectuarase ó que a subscribira en primeiro lugar.

2.- Se o dito conselleiro non estivese de acordo coa decisión adoptada poderá manifestalo á comisión permanente. O presidente resolverá oídas as súas alegacións e o parecer da comisión permanente.

**Artigo 59º.-** As propostas admitidas serán incluídas na orde do día correspondente á sesión ordinaria máis próxima que teña que celebra-la comisión permanente.

**Artigo 60º.-** 1.- As propostas serán defendidas na comisión permanente polo conselleiro que as subscribira ou, se é o caso, por quen o fixera en primeiro lugar.

2.- A continuación abrirase unha quenda de intervencións, rematada a cal, trala réplica do ponente, someterase a votación a aprobación da proposta.

3.- Se o conselleiro subscribente en primeiro lugar non é membro da comisión permanente será convocado á correspondente sesión para os únicos efectos de actuar como ponente da proposta presentada, sen dereito a voto.

**Artigo 61º.-** Se, como consecuencia das intervencións dos conselleiros, o ponente aceptara introducir modificacións na proposta, esta só poderá ser votada logo de reparto por escrito na mesma sesión, salvo que as modificacións non afectasen a cuestións substantivas.

**Artigo 62º.-** En caso de dúbida sobre se o contido dunha proposta versa sobre materias propias da competencia do pleno o da comisión permanente, oída esta, a presidencia resolverá.

**Artigo 63º.-** Se as propostas son propias da competencia do pleno incluíranse na orde do día da sesión inmediata deste órgano, sen prexuízo do previsto sobre solicitude de convocatoria no artigo 36.2 deste regulamento.

**Artigo 64º.-** O debate e a aprobación das propostas no pleno ateranse ó previsto nos artigos 60 e 61 deste regulamento.

## **CAPÍTULO IV**

### **Do informe anual sobre o estado e situación do sistema educativo**

**Artigo 65º.-** O informe anual sobre o estado e situación do sistema educativo, que ten que elabora-la comisión permanente e aproba-lo pleno do consello, referirase a cada ano académico completo.

**Artigo 66º.-** 1.- A sesión na que o pleno do consello aproba o dito informe celebrarase antes do 30 de xuño do curso seguinte.

2.- A comisión permanente elaborará o informe en prazo que permita a súa distribución ós conselleiros conxuntamente á da correspondente convocatoria do pleno.

**Artigo 67º.-** Na sesión da comisión permanente previa á do pleno á que se refire o artigo anterior, haberá que averse ó disposto nos artigos 48 a 52 deste regulamento.

**Artigo 68º.-** 1.- Para a aprobación polo pleno do informe anual sobre o estado e situación do sistema educativo haberá que averse ó disposto no artigo 53.

2.- A aprobación do informe anual sobre o estado e situación do sistema educativo requerirá o voto favorable da metade máis un dos asistentes.

3.- O informe unha vez aprobado, será enviado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e feito público polo propio Consello Escolar de Galicia.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

#### **PRIMEIRA:**

O prazo para a renovación do consello por metades previsto no artigo 14º deste regulamento, computarase a partir da próxima renovación total do consello.

#### **SEGUNDA:**

Ó cabo de doce meses, a partir da súa aprobación, este regulamento será sometido a nova

reflexión por parte do pleno do Consello Escolar de Galicia, por ver se se estima conveniente algunha modificación, se esta non se levara a cabo antes, por terse producido xa algunha alteración do marco legal polo que o consello escolar se rexe.